



# 8K DO LÉREZ

## ORGANIZA:

Multisports Galicia S.L.

## COLABORA:

Concello de Pontevedra  
Sociedad Gimnástica de Pontevedra

# REGULAMENTO

## 1 – DATA E LUGAR:

Domingo **4 de Febreiro de 2018** no Concello de Pontevedra.

A saída das **carreiras absolutas, de 8k e 4k (saen xuntas)** reservadas para homes e mulleres nados/as en 2002 e anos anteriores, na **Illa das esculturas** ás **12 nas inmediacións da pasarela peonil que cruza o río.**

Haberá tamén **carreiras de promoción** para menores que se desenrolarán a partir das **11:15 no mesmo lugar.**

## 2 – PERCORRIDOS :

A proba absoluta disputarase sobre un circuíto que combina terra e asfalto de dúas voltas de 4 Km con apenas desnivel para completar 8 km aproximadamente

Este ano haberá unha proba de 4 Km como novidade.



### 3– CATEGORÍAS:

#### CARRERAS DE MENORES:

- CARREIRA CATIVOS: Nados no 2013 e anos posteriores (non competitiva) 80 metros (11:15)
- CARREIRA A: SUB 10 (Nados entre 2009-2010) e PREBENXAMIN (Nados en 2011-2012): 700 metros (11:20)
- CARREIRA B: SUB 12 (Nados entre 2007-2008):1.400 metros (11:30)
- CARREIRA C: SUB 14 (Nados entre 2005-2006) e SUB 16 (Nados entre 2003-2004): 2.100 metros (11:45)

8K (12:00):

#### MASCULINO E FEMENINO

- SUB 20: Nados entre 1999-2002
- SENIOR: Nados entre 1983-1998
- MASTER 1: Nados entre 1973-1982
- MASTER 2: Nados en 1972 e anteriores

4K (12:00):

Establécese unha única categoría absoluta masculina e feminina para a proba de 4 Km

### 4 – INSCRIPCIÓN:

Abrirase un período de inscrición que rematará o xoves día 1 de febreiro. Dita inscrición realizarase en [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)

A cuota de inscrición para as **carreiras absolutas, tanto de 4k coma de 8k** é de **7€+ 2€** de aluguer de chip para non propietarios.

A carreira de **CATIVOS** é **gratuita** (non cronometrada por chip)



A cuota de inscrición para as **CARREIRAS A, B, C é de 1€** (cronometradas por chip)

A inscrición dá dereito a participar na proba, seguro de responsabilidade civil e de accidentes así como facer uso de todos os servizos establecidos pola Organización para os participantes. Nas carreiras de 4k e 8k (absolutas) haberá regalo coa imaxe do evento para todos os inscritos. Todas as carreiras disporán de avituallamiento o finalizar.

Tanto a carreira absoluta como as probas de menores (**salvo a categoría CATIVOS**) serán cronometradas por chip, o cal deberase levar obrigatoriamente colocado na zapatilla ou tobilleira. Os propietarios de chip ChampionChip, deben participar obrigatoriamente con él.

Non se admitirá a cancelación da inscrición nin se devolverá o custo da mesma por motivos axenos a organización

## 5 – TROFEOS E PREMIOS:

Medalla para os tres primeiros da xeral en **homes e tres primeiras mulleres** da carreiras absolutas de 4k e 8k.

Medalla para os **tres primeiros** de cada categoría nas carreiras A, B, C e na proba de 8k.

Establecerase unha **clasificación familiar para as carreiras cronometradas** na que é imprescindible que a lo menos forme parte un adulto maior de idade. A clasificación establecerase sumando os ritmos compensados, multiplicados por 0.8 no caso das mulleres, (ver táboa de compensación na información da carreira) de todos os integrantes da unidade familiar. Posteriormente dividiránse por un valor que se establecerá en función do número de chegados de cada familia ( ver táboa publicada na información da carreira). Recibirán trofeo as 3 primeiras familias.

Premiarase a familia máis numerosa, ao integrante máis novo e maior das familias.

Na carreira absoluta de 8 Km establecerase unha clasificación de pandillas. A puntuación será a suma de tempos dos catro primeiros integrantes da pandilla.

As pandillas poderán ser:

- masculinas (catro homes ou tres homes e unha muller)
- mixtas: (mínimo dúas mulleres)



- femeninas (todas mulleres)

Recibirán trofeo a primeira pandilla masculina, femenina e mixta..

## 6- ENTREGA DE DORSAIS.

O 4 de Febreiro, de 10:00 a 11:50 na Illa das esculturas, **nas inmediacións da pasarela peonil que cruza o río,**

## 7- CRONOMETRAXE

- O cronometraxe electrónico será realizado por CCNORTE
- Todas as probas poderánse seguir en vivo na web oficial e na web [www.resultados.live](http://www.resultados.live)
- O atleta deberá portar o chip entrelazado nos cordons da zapatilla ou no nocello

## 8 – SERVICIOS AO ATLETA

A organización disporá de servizo de duchas e vestiarios (Pavillón da Xunqueira). Avituallamiento líquido e sólido ó finalizar.

## 9 –NORMAS DE COMPETICIÓN:

Non estará permitido o acompañamento dos participantes mediante o uso de vehículos de axuda. Non cumprir esta norma implicará a descualificación dos atletas acompañados.



O dorsal deberá ser colocado visiblemente na parte dianteira do corredor/a, sen poder facer ningunha modificación neste.

Dado o espírito deportivo e popular desta proba non se admitirán reclamacións.  
A participación leva implícita a aceptación do regulamento da proba.

A organización e os sus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes.

A organización da proba resérvase a facultade de decidir sobre calquer aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.